

ENTROIDO 2022 CONCELLO DE ROIS

BASES CONCURSO DE ENTROIDO EN LIÑA

O Concello de Rois decidiu suspender todos os actos presenciais previstos para a celebración do Entroido 2022 como medida de responsabilidade debido á grave situación sanitaria xerada pola Covid-19 e para evitar a propagación da pandemia.

Non obstante, para facilitarlle á veciñanza expresar a súa creatividade, manter unha longa tradición cultural e colaborar co comercio local de Rois, o Concello convoca un concurso de disfraces que se desenvolverá de xeito virtual para que ningunha persoa corra ningún risco e poida igualmente disfrazarse, aínda que sexa dende as súas casas.

Os premios deste concurso consistirán en vales de desconto que as persoas gañadoras deberán cambiar no comercio local e nas empresas de servizos asentadas no municipio de Rois, como medida de colaboración co pequeno comercio do noso concello.

Para participar neste concurso é necesario gravar un vídeo e publicalo como comentario na páxina de Facebook do Concello de Rois, como resposta á publicación (ou post) que faga o propio Concello anunciando este concurso.

Aquelas persoas que non teñan conta nesta rede social, poderán remitir o vídeo ou o enlace deste por correo electrónico ao enderezo inscricions@ROIS.gal, autorizando a súa publicación.

O concurso rexerese pola seguintes cláusulas:

1.- PARTICIPANTES

Neste concurso poderán participar todas as persoas que o desexen, sexa cal sexa a súa idade.

Para gravar o vídeo da actuación ou do desfile, todas as persoas participantes deberán respectar en todo momento a normativa vixente e as medidas de seguridade fronte á Covid-19 que ditaminen as autoridades sanitarias.

Haberá tres modalidades para participar neste concurso, cada unha das cales se subdivide en categorías por idades, tal e como se recolle na seguinte táboa:

MODALIDADES	CATEGORÍAS
INDIVIDUAL	Individual 1. Nacidos/as entre os anos 2022-2019
	Individual 2. Nacidos/as entre os anos 2018-2016
	Individual 3. Nacidos/as entre os anos 2015-2010
	Individual 4. Nacidos/as entre os anos 2009-2007
	Individual 5. Nacidos/as antes do 2006 (incluído)
PARELLAS	Parella sub21 (que as idades da parella sumen ata 20 anos)
	Parella sub31 (que as idades da parella sumen ata 30 anos)
	Parella +31 (as idades da parella sumen 31 anos ou máis)
GRUPO	Grupo de 3 ou máis membros

Cada persoa só poderá participar nunha modalidade.

Referímonos sempre a persoas que vaian disfrazadas. No caso, por exemplo, de que algún neno/a pequeno/a queira

participar na categoría de individual e teña que ir acompañado dalgunha persoa adulta, só poderá ir disfrazado/a o/a menor, xa que se fora tamén a persoa adulta o xurado entenderá que están participando na categoría de parellas.

2.- CARACTERÍSTICAS DO VÍDEO

Só participarán no concurso aqueles vídeos que teñan unha duración máxima de dous (2) minutos. Na gravación recollerase única e exclusivamente a actuación da persoa ou persoas participantes.

O contido da gravación non poderá vulnerar a lexislación vixente.

A persoa responsable do contido dos vídeos será a que figure na folla de inscrición, ou o seu representante, no caso dos grupos.

Os vídeos que superen os dous minutos de duración ou inclúan outro tipo de imaxes que non se corresponda co obxecto deste concurso non serán tidos en conta polo xurado e poderán ser eliminados da páxina de Facebook do Concello de Rois.

Cada vídeo terá un nome ou título, que deberá figurar tanto na folla de inscrición como no comentario que se faga na páxina de Facebook do Concello de Rois cando se publique a gravación, para que poida ser identificado polo xurado.

3.- DOCUMENTACIÓN

A documentación que deberá presentarse para realizar a inscrición é a seguinte:

Modalidades individual ou parellas: Só será preciso presentar o ANEXO I e subir o vídeo á páxina de Facebook do Concello de Rois como comentario á publicación do concurso, ou enviar a gravación do vídeo da actuación/desfile a inscricions@rois.gal.

Modalidade de grupo: Deberá presentarse o ANEXO II e subir o vídeo ao Facebook do Concello de Rois, como comentario á publicación do concurso, ou enviar a gravación do vídeo da actuación/desfile a inscricions@rois.gal.

Cada comparsa deberá nomear unha persoa representante, sinalando nome completo, NIF e teléfono de contacto de quen ha de asinar a solicitude.

4.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas en participar terán de prazo para se inscribiren ata o **venres 4 de marzo (incluído)**. Esta documentación enviarase ao enderezo electrónico inscricions@ROIS.gal (enviarase contestación da recepción nun máximo de 24 horas) sempre dentro do prazo establecido.

As inscricións presentadas fóra dese prazo quedarán rexeitadas e polo tanto non entrarán a participar no concurso. No caso de enviar a documentación e/ou o vídeo por correo electrónico, de non recibir contestación da recepción, entenderase que a solicitude non queda rexistrada.

Todos aqueles vídeos que se suban ao Facebook do Concello de Rois sen ter presentada a inscrición previamente non serán avaliados polo xurado e poderán ser eliminados da páxina.

5.- PREMIOS

Establécense dous (2) premios por categoría nas modalidades individual e parella, e tres (3) premios en total nas modalidades de grupo.

O importe total dos premios ascende a 1.250 € e consistirá en vales de desconto polo importe indicado na táboa seguinte, que as persoas gañadoras poderán cambiar única e exclusivamente no comercio local de Rois. Non se poderán cambiar os vales de desconto polo seu valor en metálico.

Os premios distribúense da seguinte maneira:

MODALIDADES	CATEGORÍAS
INDIVIDUAL	40€: 1º premio de cada categoría
	30€: 2º premio de cada categoría
PARELLAS	60€: 1º premio de cada categoría
	40€: 2º premio de cada categoría
GRUPO	300€: 1º premio
	200€: 2º premio
	100€: 3º premio

Os premios non son acumulables e poderán quedar desertos no caso de que nalgunha das categorías non haxa participantes para cubrir o número de premios.

O vale de desconto co importe do premio só se poderá trocar nun establecemento do **comercio local** do concello de Rois: comercios, bares-restaurantes, artesanía, casas rurais, empresas de servizos etc., que estean situados en Rois.

A persoa ou persoas gañadoras dos premios (ou o/a representante, no caso de menores de idade) deberán retirar o vale de desconto correspondente nas instalacións do edificio multiúsos de Rois, indicando nese momento o establecemento onde desexan cambialo e no que deberán entregar o devandito vale.

As persoas gañadoras terán de prazo ata o 30 de xuño de 2022 para trocaren os vales de desconto no establecemento que decida cadaquén. A partir desa data os vales quedarán anulados.

6.- XURADO E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN

O xurado estará formado por un mínimo de 3 e un máximo de 5 persoas, nomeadas polo Concello de Rois e pertencentes a asociacións e entidades municipais ou persoas vinculadas ao mundo da cultura, artes, medios de comunicación, hostalaría ou participación cidadá.

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade.

Valoraranse aspectos como a orixinalidade dos disfraces, a creatividade, a imaxinación e a posta en escena, cuxo resultado se recollerá nunha acta.

A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado o estima oportuno.

Os disfraces que recibiran algún premio no ano anterior non poderán ser premiados neste concurso.

O Concello de Rois non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen as persoas participantes deste concurso do Entroido 2022.

7.- PUBLICACIÓN

Para poder participar neste concurso será necesario autorizar ao Concello de Rois a publicar as gravacións no Facebook do Concello, no caso de non autorizalo non se poderá participar no concurso. A devandita autorización vén recollida no formulario de inscrición.

Os vídeos que participen neste concurso iranse publicando na páxina de Facebook do Concello de Rois dende a publicación das presentes bases e ata o día 4 de marzo de 2022.

O nome das persoas gañadoras do concurso farase público o día 9 de marzo na páxina web do Concello de Rois (www.rois.gal) e na páxina de Facebook (facebook.com/ConcelloDeRois).

8.- OUTRAS DETERMINACIÓNS

A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, así como a decisión inapelable do xurado.

A participación no concurso tamén implica a cesión ao Concello de Rois dos dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública do vídeo.

Cada persoa participante responderá sobre a validez dos seus actos e a legalidade do vídeo, é dicir, o incumprimento das persoas participantes en calquera dos puntos destas bases, ou da lexislación vixente, exime de responsabilidades ao Concello de Rois e aos membros do xurado deste concurso e poderá supoñer, sempre e cando se detecte algún erro, a devolución do premio que tiveran recibido indebidamente, podendo aplicarse esta devolución dentro dos 15 días hábiles posteriores ao remate do concurso.

No caso de incumprimento da legalidade por parte dalgunha das persoas participantes, o Concello de Rois poderá emprender as accións que determine oportunas.

A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.